

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral Plenaria**, relativa ás necesidades do estaleiro público de Navantia Fene para voltar de xeito efectivo á construción naval civil.

Hai xa dez meses que Navantia Fene, a capaz e combativa Astano, liberouse da hipoteca do veto, ben que desgrazadamente non polos esforzos do bipartidismo para devolver a este estaleiro o dereito de facer o que mellor sabe: barcos civís.

Dende entón – e malia coñecerse por anticipado que ía rematar o tempo do veto – os gobernos do PP, o central e máis o da Xunta aínda non foron quen de procurar a nova que toda Ferrolterra agarda, a volta efectiva do estaleiro público á construción naval civil.

Os dous encargos referidos á eólica mariña son no mellor dos casos apenas unha pinga de auga respecto as capacidades do estaleiro, que só precisan da efectiva vontade política dos gobernos para botar a andar. Estes encargos apenas ocupan a unhas 70 persoas e no seu momento de maior ocupación suporán apenas o dobre desta cifra. Menos que un encargo da división de reparacións. Significativo do desinterese do PP é que dos catro petroleiros recén contratados ningún se traballará na ría de Ferrol. Iso logo de tantas mentiras electorais e 4.500 postos de traballo destruídos polo afogo gubernamental do naval público da ría de Ferrol.

Ferrolterra necesita tanto a diversificación industrial que lle negaron entre incumprimentos e mentiras os gobernos da quenda restauracionista canto real e continuada carga de traballo, a partires dun compromiso real dos gobernos central e da Xunta para pular polo estaleiro ao traveso dun plan industrial que forneza e defina as súas capacidades.

Ese plan industrial ten que apostar e definir o futuro produtivo do estaleiro privilexiando a construción naval civil, pero aberto a outras opcións complementarias, dende as plataformas off shore ate a eólica mariña.

Ese plan industrial ten que impulsar o crecemento e renovación dunha plantilla deliberadamente envellecida pola deixación dos gobernos de turno.

Ese plan industrial ten que garantir a integridade do estaleiro, desbotando calquer manobra curtopracista que minore ou segregue o espazo produtivo da vella Astano.

O plan industrial e a consecución de nova carga de traballo no sector da construción naval civil son os elos da proposta de futuro de calquer goberno atento aos intereses do pobo.

Se o sector naval é estratéxico para o desenvolvemento industrial de Galicia e vital para Ferrolterra. Sendo semellante a súa importancia é lamentable a negativa da presidencia da Xunta a se reunir cos representantes da plantilla. Fachendear de ir a Ferrol de troula e non se atrever a reunirse cos representantes dun elemento clave da economía e sociedade ferrolterrán retrata a febleza moral do actual presidente.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Instou, e de ser o caso en que termos a Xunta de Galicia, ao goberno central a elaboración coa participación dos representantes dos traballadores do plan industrial para o estaleiro fenés?

En Compostela, a 22 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 22/09/2015 11:35:10